



REUNIÓN TÉCNICA

DÚATLON ESCOLAR DE FERROL

BX/ALV/INF/CD

**PROBA DE PROMOCIÓN NON
COMPETITIVA PRBX**

4 ABRIL 2026

PRESENTACIONES E CIRCUITOS

- **Persoas clave:**

Director de Carreira: Juan Luis Pedrosa

Xuíz Árbitro/DT: Nuria Brage

- **Xurado de Competición**

Delegado Técnico: Nuria Brage

Federación Galega: Javier Campos

Representante Clubs: Noelia Serantes-Club Natación Cedeira

Localización:

Zona praia de Caranza, Rúa Cartagena

HORARIOS E DISTANCIAS

CATEGORÍA	SAÍDA	CÁMARA CHAMADAS	CARREIRA 1	BICICLETA	CARREIRA 2
BENXAMÍN MASCULINO (2017-2018)	10:45h	10:35h	400m (1V)	1625m (1V)	200m (1V)
BENXAMÍN FEMININO (2017-2018)	11:00h	10:50h	400m (1V)	1625m (1V)	200m (1V)
ALEVÍN MASCULINO (2015-2016)	11:15h	11:05h	800m (1V)	3250m (2V)	400m (1V)
ALEVÍN FEMININO (2015-2016)	11:40h	11:30h	800m (1V)	3250m (2V)	400m (1V)
INFANTIL MASCULINO (2013-2014)	12:00h	11:50h	1200m (2V)	4875m (3V)	600m (1V)
INFANTIL FEMININO (2013-2014)	12:02h	11:50h	1200m (2V)	4875m (3V)	600m (1V)
CADETE MASCULINO (2011-2012)	13:00h	12:50h	1600m (2V)	6500m (4V)	800m (1V)
CADETE FEMININO (2011-2012)	13:02h	12:50h	1600m (2V)	6500m (4V)	800m (1V)
PREBENXAMÍN	13:45h	13:35h	200m	600m	100m (1V)

ENTREGA DORSAIS	APERTURA CONTROL MATERIAL	PECHE CONTROL MATERIAL	PECHE RECOLLIDA MATERIAL
A partir das 10:00h	10:10h	10 minutos antes de cada saída	14:30h

REGULAMENTACIÓN

A Proba rexerese segundo as normativas vixentes do programa XOGADE para a especialidade de Dúatlon e do Regulamento Oficial de Competición da FEGATRI e a FETRI.

ACCESO A ZONA DE COMPETICIÓN

- **Só poden acceder a zona de competición as persoas acreditadas:**
 - Deportistas inscritos/as
 - Persoal técnico acreditado, cando non haxa competición.
 - Organización
 - Oficiais
 - Persoal acreditado

CONSIDERACIÓNS

A zona de TRANSICIÓN será de acceso exclusivo de participantes e organización, así como adestradores/as acreditados/as cando non haxa competición.

As persoas acompañantes non poderán ocupar a zona dos circuitos.

CONTROL DE MATERIAL

- **Para acceder ao Control de Material é imprescindible:**
 - Deportistas Identificados cun documento oficial con foto na entrada do Control de Material.
 - Bicicleta e material regulamentario “bici de estrada ou de montaña sen acoples nin engadidos e co guiador correctamente taponado”.
 - Casco que debe estar posto sobre a cabeza e abrochado. Casco con certificación para uso ciclista.
 - Dorsal de Corpo, Casco e Bicicleta colocados.
 - *Para as categoría prebenxamín, benxamín e alevín, estarán permitidos os minifreos nas bicicletas Calquera acdesorio, pata de cabra ou semellante deberá ir correctamente cuberto e bloqueado para non causar perigo..*
- **Dentro da transición:**
 - Bicicleta colocada á esquerda do número de dorsal ca **roda dianteira mirando cara o pasillo** **(Tanto na T1 como na T2)**
 - Casco sobre a bicicleta coas correas despechadas.
 - Só se pode deixar na transición o material para competir.
 - Calquera marca ou material que non sexa de competición será retirado polos oficiais.

PROCEDIMENTOS PREVIOS Á SAÍDA

Dez minutos antes do comezo da saída, os/as deportistas colocaranse na zona de cámara de chamadas.

Un/ha oficial indicará que os/as deportistas se coloquen na liña de saída sen pisar a mesma.

O Delegado Técnico indicará “aos seus postos” e procederase á saída cando soe a bocina.

PERCORRIDOS



PERCORRIDOS BENXAMÍN

1 VOLTA 400M



1 VOLTA 1625 M



1 VOLTA 200 M



PERCORRIDOS ALEVÍN

1 VOLTA 800M



2 VOLTAS 3250 M



1 VOLTA 400 M



PERCORRIDOS INFANTIL

2 VOLTAS 1200m 1+1+1

3 VOLTAS 4875m

1 VOLTA 600m



PERCORRIDOS CADETE

2 VOLTAS 1600m 1+1+1 4 VOLTAS 6500m

1 VOLTA 800m



REGULAMENTACIÓN TRANSICIÓN 1

- Unha vez rematada a carreira a pé, irás polo corredor lateral ata o final da transición, dirixiraste ao teu pasillo e seguirás ata o número de dorsal onde tes colocada a bicicleta.
- Non cruces por debaixo das barras.
- Colocar e abrochar o casco antes de tocar a bicicleta.
- Sacar a bici do soporte e levaa na man ata a liña de montaxe, onde un/ha oficial che indicará que podes montar na bicicleta, despois de pasar a liña de montaxe.

TRANSICIÓN 1



REGULAMENTACIÓN TRANSICIÓN 2

- Ao chegar á liña de desmontaxe, antes de entrar á transición, un/ha oficial indicará que te baixes da bici antes desta liña.
- Coa bici na man irás polo teu pasillo ata o teu número de dorsal e colocarás a bicicleta no soporte. Non cruces por debaixo das barras.
- Unha vez colocada a bicicleta, xa podes sacar o casco e deixalo con coidado sobre a bici ou no teu espazo.
- Segue sempre de fronte ata o final da transición, nunca voltees cara atrás xa que podes tropezar con outros deportistas que estarán chegando.
- Un/ha oficial sinalará por onde ir para empezar a última carreira a pé, completala e chegar á meta.


TRANSICIÓN 2



TRANSICIÓN 2

PRECAUCIÓN

En caso de ver a voluntarios con silbato e bandeira vermella



META E POSTMETA

Unha vez cruces a liña de Meta non te deteñas, continua ata a POST META onde recibirás o avituallamento.

Diríxete directamente á TRANSICIÓN, recolle o teu material cando os oficiais cho permitan, e abandona a zona para permitir que deportistas doutra categoría accedan ao control de material.

CRONOMETRAXE E CLASIFICACIÓN

- A Cronometraxe da proba será de forma manual, o dorsal deberá ir á fronte e ser totalmente visible.
- Unha clasificación provisional será publicada no taboleiro de anuncios, para garantir os dereitos de reclamación apelación dos/as deportistas.

<https://fegatri.org/wp-content/uploads/2021/05/Procedemento-de-Reclamacion-Apelacion-probas-da-FEGATRI.pdf>

- As clasificacións oficiais publicaranse na web www.fegatri.org

PREMIOS

- Medallas para os tres primeiros e primeiras clasificados individuais de cada categoría e sexo.
- Entrega de Premios o remate das probas.

PREVISIÓN METEOROLÓGICA

Sáb
4 ABR

↑ 16°
↓ 9°



!! BOA SORTE !!

FEGATR
FEDERACIÓN GALEGA DE TRIATLON
E PENTATLON MODERNO

 XUNTA
DE GALICIA

 DEPORTE
GALEGO

NON

Fronte á violencia de xénero
só cabe unha resposta.
Sen ningún xénero de dúbida.



